



Explotaciones Gallegas, SL
O Cebreiro s/n
15.821. O Pino. A Coruña

Ref.: ce2946/0901/2018-01

ASUNTO: Requirimento sobre a xestión das augas na explotación.

Esta xefatura territorial realizou unha inspección da concesión de explotación “San Rafael, 2946”, o 11/07/2018. Como consecuencia dela remitímoslle o presente requirimento.

Debe presentar un Proxecto de drenaxe, tratamento e control das augas, co seguinte contido:

- i. Estudo hidrolóxico xustificativo do seu dimensionamento, segundo ITC 07.1.02 do RXNBSM.
- ii. Instalacións de xestión das augas: canles de garda, instalacións de tratamento, humedais, serpentíns, canles de vertido, arquetas para toma de mostras, instalacións de captación e de bombeo. Con especial énfase na separación das augas de choiva das augas da explotación, segundo ITC 07.1.03 do RXNBSM.
- iii. Modificación do sistema de xestión das augas: incorporar os efluentes de Angumil (Rozas), Portapego e Felisa ao oco de Vieiro. Debe garantirse a supresión das saídas de auga dende a zona de Arinteiro.
- iv. Metodoloxía de control da calidade das augas superficiais e subterráneas e das instalacións necesarias: periodicidade (e a súa suficiencia) e parámetros de control. Programa sistemático de seguimento e control.
- v. Debe xustificarse especificamente no proxecto que a corta de Vieiro ten capacidade para incorporar os efluentes que se prevé bombear ó seu interior sen que se produzan vertidos ao exterior nin se deterioren as características físico químicas das augas de Vieiro, ou o prazo para o que se pode garantir isto. Esta medida de recondución ten carácter temporal, polo que o proxecto debe establecer claramente o seu prazo de validez.

O prazo para presentaren este proxecto é dun mes.

Debe presentar unha memoria trimestral sobre seguimento e control das augas, que inclúa:

- i. Resultados da analítica das augas. Puntos de vertido.
- ii. Detalle e valoración da analítica das augas no período. Puntos de captación, de vertido, masas de auga, puntos de control das augas subterráneas. A mostraxe do punto de vertido de Bama debe ser, cando menos, quincenal.
- iii. Informe de situación das infraestruturas de drenaxe, canalización, control e acondicionamento das augas.
- iv. Detalle des medidas correctoras adoptadas no período. Medidas correctoras propostas en caso de seren necesarias. Resultados.
- v. Plan de control da calidade das augas subterráneas na contorna da explotación.

A memoria de seguimento e control das augas debe formar parte da Memoria Ambiental Anual, do Plan de Labores.



Adicionalmente, debe presentarnos a solicitude para obter do organismo de conca as autorizacións pertinentes para o desenvolvemento da súa actividade, no prazo de corenta días, tanto as relativas á zona de Arinteiro como á de Bama.

Recordámoslle que a inobservancia dos requirimentos da inspección de minas é unha infracción tipificada na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Na Coruña, o xefe do Servizo de Enerxía e Minas,
Juan José Iglesias Suárez.
(asinado electronicamente)